



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Decreto aprobación expediente. **BOLSA DE TRABALLO TRABALLADOR/A SOCIAL 2022.**

**Expediente:** 2022/G003/000551 - 2022/E001/000008

M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, no uso das facultades que me confire a lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

1. Providencia da Alcaldía, do 06/04/2022, incoando o procedemento administrativo.
2. Memoria xustificativa da Alcaldía, do 06/04/2022, da necesidade da contratación administrativa.
3. Informe do TAX, do 06/04/2022, sobre o procedemento e a lexislación aplicable.
4. Informe do TAX, do 30/08/2022, sobre a proposta de Bases.
5. Proposta de Bases de Selección para a creación dunha Bolsa de Emprego, do 07.09.2022
6. Informe de Secretaría-Intervención do Concello de Lousame, do 07.09.2022

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección do persoal que vai conformar a bolsa de emprego para contratación laboral temporal para os postos de **TRABALLADOR/A SOCIAL** do Concello de Lousame, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a constitución dunha **BOLSA DE EMPREGO** para contratación laboral temporal para a substitución dos postos de **TRABALLADOR/A SOCIAL** Concello de Lousame, que figuran como anexo da presente resolución, nos termos en que figuran no expediente.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na sede electrónica do concello de Lousame e o anuncio na sede electrónica do Concello mais no BOP da Coruña.

**TERCEIRO.** Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución de Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada na sede electrónica do concello de Lousame. Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

**CUARTO.** Transcorrido o prazo de reclamacións, dítase nova Resolución estimándoa ou desestimándoa, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas na sede electrónica do Concello de Lousame.

### **ANEXO BASES**

### **BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA REALIZAR CONTRATACIÓN**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## LABORAIS TEMPORAIS DE TRABALLADOR/A SOCIAL NO CONCELLO DE LOUSAME.

### PRIMEIRA: OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dunha bolsa de emprego para os postos de TRABALLADOR/A SOCIAL, mediante contratación laboral temporal, ao abeiro do artigo 15 do texto refundido do estatuto dos traballadores e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas:

- Baixas por incapacidade temporal.
- Xubilación parcial ou anticipada e polo período que medie entre a xubilación e a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Redución de xornada e polo período que medie entre a redución e súa finalización ou a cobertura da dita praza polos procedementos de provisión definitiva de postos de traballo previstos legalmente.
- Acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo. (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)
- Calquera outra que esixa a inmediatez na contratación.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s do servizo, de ser o caso.

### SEGUNDA: FUNCIÓNS OU TRABALLOS A REALIZAR.

As funcións serán as propias dos postos de traballador/a social, de forma orientativa e non exclusiva, segundo a RPT do Concello de Lousame (BOP 106 DO 06.06.2022), son:

- Coordinación do traballo da unidade.
- Detección, coñecemento e valoración das necesidades sociais e recursos existentes do municipio, a través da observación, atención da demanda e a investigación.
- Planificación e programación dos recursos e servizos necesarios para atender os problemas e necesidades detectados.
- Avaliación de problemas e derivación para a atención dos mesmos cara os distintos servizos existentes cando así o requira o caso.
- Promoción do desenvolvemento local a través de información e orientación individual e colectiva, así como apoio ós grupos portadores de iniciativas.
- Axuda á integración de individuos, familias e grupos que o precisen, favorecendo solucións de reinserción social, evitando situacións de marxinación e/ou exclusión social.
- Información, asesoramento, orientación e intervención técnica para resolución das situacións de necesidade e conflito a nivel individual e colectivo.
- Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións.
- Tramitación de programas financiados pola Xunta e Deputación.
- Supervisión do servizo de axuda a domicilio.
- Colaboración en actividades que permitan a conciliación laboral e a integración social.
- Posible designación como responsable dos contratos administrativos relativas á Area Social
- Xestión e tramitación administrativa de recursos e prestacións; así como das axudas e subvencións outorgadas ao Concello.
- Xestión e tramitación dos ingresos de dereito público municipais que financien os servizos da área.
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

### TERCEIRA: TIPO DE CONTRATO.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

Os contratos a subscribir, dependendo de cada caso, poderán ser:

**a) De substitución:** Por vacante na praza, para substitución de persoal con dereito a reserva do posto por motivo de ILT, baixa por maternidade, etc.

**b) Por circunstancias da produción** (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.)

#### CUARTA: DURACIÓN DOS CONTRATOS.

Segundo se estableza en cada contrato de conformidade coas necesidades do Concello de Lousame.

#### QUINTA: XORNADA DE TRABALLO.

A xornada será completa ou parcial segundo se estableza en función das necesidades. A xornada máxima non excederá de 37,7 horas semanais de luns a venres cos descansos que marca a Lei.

#### SEXTA: RETRIBUCIÓN.

As retribucións básicas serán as fixada cara os postos na RPT e nos orzamentos do Concello de Lousame.

#### SÉTIMA: PUBLICIDADE.

No taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello publicaranse o anuncio da convocatoria, a convocatoria e as bases íntegras e no BOP publicarase o anuncio da convocatoria.

Os resultados do proceso de selección e demais anuncios relacionados con este proceso publicaranse no taboleiro da sede electrónica do Concello.

#### OITAVA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes:

**a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

**b)** Ter cumpridos os 16 anos de idade. e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

**c)** Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

**d)** Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

**e)** Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**f)** Posuír permiso de condución B1.

**g)** Será requisito indispensable estar en posesión do título de diplomatura universitaria o grado en traballo social.

**h)** Certificación negativa de delitos sexuais de acordo co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuízamento Civil.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír ou documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Os anteriores requisitos, así como os específicos que se esixan, se é o caso, deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursoas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

#### • **ACREDITACIÓN COÑECEMENTO DO GALEGO.**

Para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do Tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego ao nivel esixido, sendo sometidos ás probas que se consideren máis axeitadas.

Esta proba será cualificada como Apto ou Non apto; e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

#### **NOVENA: PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

Os/as interesados/as en formar parte desta Bolsa de Emprego, presentarán a súa instancia no modelo que aparece no Anexo I das presentes bases facendo constar de que reúnen todos os requisitos sinalados nestas bases e dirixiranse á Alcaldía do Concello de Lousame.

Presentaranse debidamente cubertas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **VINTE (20) DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación do último anuncio da convocatoria que se publicará na sede electrónica e no BOP de A Coruña.

As solicitudes que se entreguen a través da Oficina de Correos deberán presentarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario/a de correos antes de ser certificada.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

No caso de non presentar a documentación no rexistro do Concello, deberá remitirse xustificante da presentación da solicitude ao número de Fax: 981.821865 ou á dirección de correo-e [jose.martinez@concellodelousame.gal](mailto:jose.martinez@concellodelousame.gal). No caso de que a persoa aspirante non remita o xustificante da presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Lousame, e a dita solicitude teña entrada no Concello, máis alá do prazo de presentación de solicitudes, a mesma entenderase presentada fóra de prazo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Lousame e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Lousame.

As solicitudes presentaranse no modelo de instancia (Anexo I) que se facilitará nas oficinas municipais e irán acompañadas dos seguintes documentos:

- a) Declaración xurada na que manifesten que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na convocatoria (inclúese no modelo de instancia).
- b) Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- c) Copia do permiso de conducir B1 en vigor.
- d) Copia da titulación requirida para o desempeño do posto de traballador/a social. (base 8.g: título de diplomatura universitaria o grado en traballo social.)
- e) Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados; experiencia profesional (Informe de vida laboral máis contratos e certificados de empresa) e formación (títulos ou certificados dos cursos realizados).

A documentación deberá ser fotocopia, sen ser precisa a copia cotexada; presumirase documentación auténtica, e unicamente será requirida a presentación de documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

#### **DÉCIMA: ADMISIÓN DE ASPIRANTES.**

Finalizado o prazo de presentación de instancias por Resolución da Alcaldía aprobarase a listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Concederase un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións, se as houbera, e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, con publicación da lista definitiva das persoas admitidas e non admitidas no taboleiro de anuncios do e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### **UNDÉCIMA: TRIBUNAL SELECCIONADOR.**

O Tribunal seleccionador estará composto por un/unha presidente/a, unha persoa secretaria e tres vogais nomeados por Resolución de alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a. Todos





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

os membros do Tribunal seleccionador deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal de selección estará facultado para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos. Quen forme parte do Tribunal deberase aterse de intervir cando concorran nel algunha das circunstancias no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; así como cando realizase tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

A resolución de alcaldía cas persoas membros do tribunal seleccionador exporase ao público no taboleiro de anuncios e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, xunto coa listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a data, hora e lugar de celebración da proba de galego, para aqueles non aportasen o certificado Celga 4, e da entrevista persoal.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán presentarse co D.N.I., ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

A publicación dos resultados obtidos por cada aspirante farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### **DUODÉCIMA: SISTEMA DE SELECCIÓN. FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.**

##### **Sistema de selección: Concurso de méritos.**

As persoas aspirantes achegarán o modelo de instancia (Anexo I), acompañando copia dos documentos xustificativos dos méritos alegados, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán mediante esta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, cun máximo de 10 puntos, serán os seguintes:

##### **A.-Experiencia profesional. Máximo 5 puntos.**

- Servizos prestados en calquera Administración Pública no mesmo corpo/ escala/ subescala/ categoría, debidamente acreditados, no desempeño de posto de traballador/a social, a xornada completa: 0,20 puntos por cada mes traballado.
- Servizos prestados en empresas privadas, debidamente acreditados, no desempeño de posto de traballador/a social, realizando funcións idénticas ou análogas ás establecidas para o posto que se convoca, 0,10 puntos por cada mes traballado.

A puntuación máxima neste apartado é de 5 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral as persoas aspirantes acreditarán;

- Os servizos prestados na Administración Pública mediante un certificado oficial da Secretaría correspondente expedido ao efecto, ou contratos de traballo, onde se fagan constar os servizos prestados e duración dos mesmos, e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

- Os servizos prestados na empresa privada mediante contratos de traballo e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de persoas traballadoras autónomas mediante IAE (alta e actualización) e o Informe de Vida Laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, unicamente se valorarán os meses completos, acompañando en todo caso os CONTRATOS e/ou certificados de empresa onde figure a categoría e períodos realizados, xunto co INFORME DE VIDA LABORAL expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

#### **B.- Cursos de formación. Máximo 3 puntos.**

Sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, impartidos por administracións públicas, organismos oficiais dependentes de calquera das administracións públicas ou homologados por estas.

Só serán valorados os cursos cunha duración mínima de 10 horas ou 1 crédito.

Non se valoraran cursos ou créditos de estudos integrantes de estudos conducentes a consecución dunha titulación.

A puntuación máxima neste apartado é de 3 puntos.

Por cada crédito	0,20 puntos
Por hora de duración	0,01 puntos.

Non se valorarán certificados nos que non consten o número de horas.

#### **C.- Entrevista persoal. Máximo 2 puntos.**

Consistirá en que as persoas aspirantes contesten a preguntas sobre os méritos alegados e a experiencia profesional acreditada coa finalidade de avaliar a adecuación da persoa candidata ao posto de traballo.

A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos.

#### **Cualificación final.**

A cualificación das persoas aspirantes será a suma da puntuación obtida nos apartados de experiencia profesional, formación e entrevista persoal, acadándose así a puntuación final.

### **DÉCIMO TERCEIRA: SELECCIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES. EMPATE**

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas no proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado das puntuacións obtidas no concurso de méritos.

A dita acta publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica do concello ordenada de maior a menor puntuación.

#### **Supostos de Empate:**

En caso de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios de desempate:

- Atenderase á primeira letra do primeiro apelido seguindo a orde alfabética en vigor aprobada pola Xunta de Galicia (letra "T", DOG núm. 24 de 05/02/2022). Nos apelidos compostos coa preposición





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

de, da, de la, d'... a mesma non será tida en conta (Por exemplo: María de Castro Domínguez. A letra a ter en conta será a "C").

- De persistir o empate, atenderase á segunda letra do primeiro apelido, seguindo a orde alfabética anterior, e así até desfacer o empate; continuando polo segundo apelido e finalmente polo nome.
- De persistir o empate, efectuarase sorteo público.

#### **DÉCIMO CUARTA: FORMACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.**

Unha vez concluída a fase de selección das persoas aspirantes, o Tribunal de selección confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

#### **DÉCIMO QUINTA: FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

A Bolsa de Emprego, segundo a orde de puntuación obtida, funcionará de acordo coas seguintes normas:

##### **1.- Chamamentos ás persoas aspirantes.**

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter constancia da súa recepción.

Nos supostos nos que a necesidade de cobertura dun posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamentos debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

Tamén poderase realizar mediante remisión de correo-e. Neste suposto, o/a empregado/a público que o realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tivo ou non resposta.

A renuncia a unha oferta sen motivo xustifico, ou a ausencia de resposta ao chamamento suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A ausencia de resposta ou a renuncia a dúas ofertas sen xustificar, será causa de expulsión da bolsa de emprego.

Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista como non dispoñible ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

- Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado médico.
- Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- Outras causas similares ás anteriores debidamente xustificadas.
- Estar en situación de emprego activo temporal. Deste xeito causará baixa temporal na listaxe e será responsabilidade súa xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para proceder a súa reactivación na bolsa de emprego.

Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo volverá a ocupar o lugar correspondente.

##### **2.- Suspensión dos chamamentos por solicitude do/a interesado/a:**

Os/as integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude para o efecto formulada.







Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A dita solicitude, que será irrenunciábel, terá efectos suspensivos nas citacións. Terá efectos dende o día seguinte da súa presentación no rexistro do concello.

O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de seis ou doce meses computados desde a data de efectos de suspensión.

### **3.- Nomeamentos e cesamentos.**

Poderán realizarse contratacións laborais temporais (na modalidade que corresponda, segundo os casos) nos supostos previstos na Base Primeira; e sempre que esas contratacións sexan imprescindibles para a correcta prestación do servizo, o cal deberá quedar debidamente acreditado no expediente a través do informe dos servizos sociais básicos e da concellería correspondente no que se poña de manifesto a excepcionalidade e necesidade urxente e inaprazábel desta contratación para o dito sector prioritario e para o funcionamento deste servizo público esencial.

Posteriormente, deberá acreditarse no expediente (co informe da Intervención Municipal) a existencia de crédito axeitado e suficiente para o financiamento da contratación laboral temporal.

Unha vez cumprimentados os anteriores requisitos, chamada a persoa candidata segundo a orde de prelación da Bolsa de Emprego, a persoa candidata deberá achegar no improrrogábel prazo **dun (1) día**:

1. Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas inherentes ao posto ofertado.
2. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
3. Titulación orixinal requirida para o desempeño do posto. (Base 8.h)
4. Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
5. Certificado de número IBAN de conta bancaria a nome do traballador/a.
6. Certificación negativa de delitos sexuais de acordo co disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Enxuzamento Civil.

Quen dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, non presentase a documentación esixida nas bases da convocatoria, ou do exame da mesma deducítese que carecen dalgún dos requisitos esixidos polas mesmas, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Comprobada a documentación anterior a Alcaldía, mediante Resolución, procederá ao seu nomeamento.

No suposto de que unha mesma persoa aspirante fora chamada para ocupar dous ou máis postos correspondentes á Bolsa de Emprego, deberá optar por un deles, deixando constancia por escrito.

O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou por Resolución da Alcaldía de conformidade co establecido na lexislación vixente.

## **DÉCIMO SEXTA: EXTINCIÓN DA BOLSA DE TRABAJO.**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

A Bolsa de Emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos **catro (4) anos** a contar dende a data de publicación no taboleiro de edictos do concello da Resolución da Alcaldía que a aprrobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente xustificadas e motivadas.

Mediante Resolución da Alcaldía poderá resolverse a apertura da bolsa de traballo para a incorporación de novos candidatos, así como para que aqueles aspirantes que xa estean na bolsa aporten documentación que acredite novos méritos. Rematado o prazo de presentación de instancias trala apertura da bolsa o Tribunal de selección confeccionará unha lista polo orde resultante da puntuación obtida na selección, sendo a primeira a de maior puntuación e así sucesivamente. A devandita lista definitiva será aprobada por Resolución da Alcaldía e exporase no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

No caso de que con motivo da escasa presentación de instancias, o número de integrantes da bolsa de emprego non sexa suficiente, poderá sacarse un novo proceso selectivo aínda que non teña transcorrido o prazo de catro anos de vixencia establecido neste base.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.**

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao Tribunal de selección e ás persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

#### **DÉCIMO OITAVA: APROBACIÓN.**

As presentes bases serán aprobadas pola Alcaldía, órgano competente.

#### **DÉCIMO NOVENA: IMPUGNACIÓN.**

Contra as presente bases e convocatoria, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, a partires do día seguinte ao da publicación do seu anuncio (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo).

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública, e o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.  
María Teresa Villaverde Pais.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## ANEXO I

**Formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de traballador/a social para o Concello de Lousame.**

### INSTANCIA E RELACIÓN DE MÉRITOS

Nome e apelidos:	
DNI/NIE:	
Enderezo:	

Datos a efectos de comunicación de chamamentos:

Teléfono:	
Correo electrónico:	

#### EXPOÑO:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a **formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de TRABALLADOR/A SOCIAL**.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- 1.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas presentes bases para poder participar no proceso de selección.
- 2.- Que posúo a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- 3.- Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

4.- Que non estou incurso/a nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

5.- Que estou en posesión do permiso de conducir *en vigor* clase B1.

**SOLICITO:**

Ser admitido/a para tomar parte no proceso de selección para o acceso á Bolsa de Emprego para realizar contratacións laborais temporais de TRABALLADOR/A SOCIAL

Á presente solicitude acompaño:

- Copia do DNI ou documento identificativo.
- Copia da titulación esixida para o desempeño do posto de TRABALLADOR/A SOCIAL.
- Copia do permiso de conducir B1 en vigor.
- Informe de vida laboral emitido pola Tesourería da Seguridade Social.
- Contratos ou certificados de empresa onde figure o posto desempeñado.
- Documentación acreditativa da experiencia profesional:

Administración pública:	corpo/ escala/ subescala/ categoría	Período	
		Dende	Ata

Empresa	Posto	Período	
		Dende	Ata

- Documentación acreditativa da formación:

Denominación	Impartido por	Nº horas

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c


**AUTORIZO:**

Que publique os meus datos persoais no taboleiro e na páxina web do Concello.

En ..... a ..... de ..... de 20.....

Sinatura: \_\_\_\_\_

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE LOUSAME, con dirección CG 1.5, 15214 - LOUSAME (A CORUÑA); arturo.barreiro@concellodelousame.gal.

**1.-DPO:** O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE LOUSAME é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en arturo.barreiro@concellodelousame.gal.

**2.-FINALIDADE DO TRATAMENTO:** Os datos serán utilizados para prestarlle o Servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

**PRAZO DE CONSERVACIÓN:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

**3.- LEXITIMACIÓN:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

**4.-DESTINATARIOS DE CESIONES:** CONCELLO DE LOUSAME non cederá os seus datos de carácter persoal.

**5.-DEREITOS:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE LOUSAME dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Mándao e asíno a Alcaldía, en Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcaldesa.

A secretaria-interventora  
(no exercicio da función de fe pública, ao abeiro do  
artigo 3 do RD 128/2018 do 16 de marzo)

Mª Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

